

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo do 12 de xaneiro de 2016, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se resolve o procedemento de provisión, por libre designación, do posto de director/a-interventor/a da Intervención Xeral e Asuntos Económicos.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 12 de xaneiro de 2016, logo de concluído o procedemento para a provisión do posto de director/a-interventor/a da Intervención Xeral e Asuntos Económicos (convocatoria e bases publicadas no BOPG núm. 561, do 27 de novembro de 2015 e DOG núm. 227, do mesmo día), acordou nomear para o dito posto a Carolina Costoya Pardo.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, pode-rase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Mesa do Parlamento, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º